
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Programación de actividades para o
curso 2021-2022

Vicedirección do IES CAMILO JOSÉ CELA / PADRÓN

A MODO DE INTRODUCCIÓN

Dadas as especiais circunstancias que aínda estamos a padecer como consecuencia da pandemia e das singulares restricións dos protocolos da Consellería de Educación tanto a actividade docente como as actividades complementarias da mesma seguirán a estar condicionadas. Por precaución o claustro decidiu suspender, cando menos polo de agora, a planificación de actividades que poidan supoñer pernoctación.

En liñas xerais e tendo en conta o grao de incertidume que en maior ou en menor medida pode modificar esta programación, a filosofía xeral que anima a proposta desta vicedirección para o presente curso continúa en liñas xerais os puntos de interese educativo e pedagóxico que desenvolveu a anterior, isto é: dinamización da lingua, educación emocional e igualdade e educación ambiental. Deste modo tentaremos consolidar as liñas abertas por este equipo directivo ao longo dos últimos catro anos e ir transformando as dinámicas intra e inter escolares (coas familias, con outros centros educativos e coas institucións e asociación locais) para tirar proveito dos recursos que ofrece a comunidade.

Neste sentido continuaremos a colaboración co departamento de cultura, educación e igualdade do Concello de Padrón coa fin de solicitar o financiamento necesario para realizar algún dos proxectos educativos que vimos desenvolvendo tales como o Día de Rosalía, o 25N ou o Día das Letras, mais tamén pretendemos conseguir a súa colaboración para levar adiante dous proxectos educativos complementarios tremendamente interesantes e ligados á participación nos tres Contratos-programa que solicitamos, isto é: IGUÁLATE, INCLÚETE E EMOCIÓNATE, coordinados polos departamentos de Francés e Orientación, respectivamente e nos outros dous proxectos coordinados polo departamento de Historia (Proxecto Terra) e polo de Bioloxía e Xeoloxía (Nutricela). O mesmo faremos co Concello de Dodro, por cuxa mediación poderemos organizar saídas para o coñecemento do medio natural, tales como Camiño guiado polas brañas de Dodro, coa colaboración de Manuel Lorenzo Baleirón, e obradoiros sobre condutas adictivas dirixidos aos grupos de 3º e 4º ESO.

Dende esta vicedirección pretendemos dar pulo a iniciativas propias ou en colaboración coas entidades locais que teñan como obxectivo complementar dun xeito formal ou informal as aprendizaxes realizadas nas aulas. Todas as xestións emprendidas con diferentes departamentos das institucións locais teñen esa fin.

Cabe mencionar o proxecto educativo que se vai desenvolver na materia Psicoloxía de segundo de bacharelato a proposta do departamento de xuventude e voluntariado do Concello de Padrón e en colaboración coa USC. Chámase Des-Equilibristas e ten como fin a educación para saúde física e emocional. Trátase en liñas xerais dun proxecto de colaboración cun grupo de voluntariado sénior que traballará ao longo do curso en cuestións medioambientais paralelamente á actividade do noso grupo de estudantes, centrados en cuestións de saúde física e emocional. Finalmente, os dous grupos converxerán participando ambos nunha experiencia conxunta.

A estas alturas de curso hai algún proxecto de colaboración coas institucións locais que aínda é cedo para definir e datar xa que o seu aproveitamento dependerá da provisión de fondos que as institucións locais obteñan da Deputación para asumir os custes de persoal encargado de

dirixir as actividades que estamos xa a deseñar. Interésanos, sobre todo, algún obradoiro que teña como foco de interese a educación afectivo-sexual e a diversidade de xénero, como modo de complementar a nosa participación nos Contrato-programa e poder chegar a todo o alumnado. Estamos a piques de pechar o deseño dunha serie de obradoiros, coordinados polo departamento de Servizos Sociais do Concello de Padrón dirixido a todos os grupos da ESO e que ten como obxectivo promover as competencias sociais. Finalmente, destacaremos tamén, neste apartado de colaboración coas institucións locais, a organización dunha actividade denominada Scape Room dirixida ao alumnado de 1º ESO e que ten como fío condutor a sensibilización cara a violencia machista.

Tamén procuraremos continuar mantendo a colaboración con asociacións e persoas do eido local que poidan aportar experiencia e interese complementaria á actividade docente e contribúan a conectar a escola co entorno máis próximo creando experiencias de aprendizaxe e responsabilidade cívica. Neste sentido tentaremos seguir colaborando co Centro de Día para persoas maiores IGLEMEN que tivemos que interromper canda o confinamento e debido tamén aos problemas técnicos que tivemos o curso anterior e seguiremos realizando as xestións necesarias para facer posible un proxecto de colaboración coa Asociación Amipa, unha organización comarcal dedicada á integración de persoas con discapacidade, que o curso anterior non puidemos levar adiante por causas alleas a nós.

Continuamos aproveitando os recursos que nos ofrecen:

- Plan Director, do Ministerio do Interior, como modo de previr os riscos no uso das novas tecnoloxías da información. Para todos os grupos da ESO.
- O programa Ktorce18 da Asociación Arela e Fundación Barrié de la Maza, para previr o acoso escolar. Para os dous grupos de 1º ESO.
- O Centro Quérote + , con dúas sesión sobre imaxe corporal e autoestima... Para 3º ESO.
- A Fundación Matrix, nada na UVI sobre educación ambiental, e a súa proposta de educación ambiental centrada no cambio climático. Proxecto Climaco. Para 1º Bacharelato.

Aparte da colaboración cos diferentes departamentos das concellalías dos Concellos de Padrón e Dodro, tamén estamos a establecer contactos para organizar actividades no CPI Flavia, a petición do EDLG e do Departamento de Lingua Castelá e Literatura. Estamos á espera da decisión que tome o claustro do colexio adscrito para poder comezar co deseño das mesmas.

Polo de agora descartamos a realización da viaxe de fin de curso de segundo de bacharelato. Non renunciamos, non obstante, á organización do acto de graduación de bacharelato que o curso anterior fixemos no patio e sen presenza das familias.

NOTAS SOBRE A PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DOS DEPARTAMENTOS DIDÁCTICOS

As actividades propostas polos departamentos didácticos desenvólvense a maioría, ao longo dos dous primeiros trimestres, nomeadamente as dirixidas a segundo de bacharelato. En todos os casos terase en conta as datas previstas para a celebración dos exames e das respectivas avaliacións.

Todas elas someteranse ás medidas ditadas polos protocolos COVID e as normas de regulamento interno aprobadas polo Consello Escolar.

A organización e participación nas actividades quedará condicionada pola situación sanitaria que se vaia producindo ao longo do curso.

A programación destas actividades dos departamentos que participan nos Contrato-Programa está incluída na programación específica dos mesmos enviada á Administración para a súa aprobación.

A estas alturas, estamos a coordinar as primeiras actividades do curso nas que participan varios departamentos didácticos.

25N

Carreira colaborativa contra a violencia machista

Exposición fotográfica da alumna de 4º ESO, Lucía Torrado, no Recuncho violeta.

Premio literario Contra a Violencia Machista

En colaboración co departamento de Educación Física, Equipo de Biblioteca, Equipo de Dinamización, Departamento de galego, Departamento de Lingua española e Departamento de filosofía.

Obradoiro de imaxe corporal e autoestima

En colaboración co Centro Quérote +

Alumnado de 3º ESO

DEPARTAMENTO DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA

1º ESO.

- Visita aos museos coruñeses (DOMUS, Casa dos peixes e MUNCYP).
- Visita ao parque natural Complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vilaxoán. Visita conxunta co departamento de Xeografía e Historia.
- Visita ao Museo Luis Iglesias. Santiago Compostela.

3ºESO

- Visita aos museos coruñeses (DOMUS, Casa dos peixes e MUNCYP). Conxunta con 1º ESO.
- Visita ao parque natural Complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vilaxoán. Visita conxunta co departamento de Xeografía e Historia.
- Visita ó parque eólico Sotavento.
- Visita ás Minas de San Finx en Lousame.

4ºESO

- Visita ao Centro de Formación e Experimentación Agroforestal e o Centro de Investigación e Información Ambiental en Lourizán.

1º e 2º BAC

- Visita ao IDIS da Universidade de e os distintos departamentos que o integran.
- Visita a distintas seccións do Campus Vida de Santiago de Compostela (Química Combinatoria, Biofarmacia, etc)

1º ESO

- Actividades previstas no Proxecto Terra en colaboración co departamento de Xeografía e Historia.
- Saída didáctica ao xardín botánico de Padrón.

3ºESO

- Actividades previstas no Proxecto Terra en colaboración co departamento de Xeografía e Historia.
- Saída didáctica ao xardín botánico de Padrón.

4ºESO

- Saída didáctica ao xardín botánico de Padrón.

Outras actividades complementarias en colaboración co Departamento de actividades complementarias e extraescolares (sempre que este último programe actividades específicas) nas seguintes conmemoracións:

- 4 de outubro: Día Mundial dos Animais.
- 8 de marzo: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo: Día Mundial dos dereitos do consumidor.
- 7 de abril: Día Mundial da saúde.
- Do 14 ao 18 de maio: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño: Día Mundial do Medio Ambiente.

DEPARTAMENTO DE LATÍN

A programación das actividades está condicionada pola situación sanitaria. Se se retomasen os Ludi Compostellani e/ou o Festival de Teatro Xuvenil Grecolatino, que organiza a SEEC, poderíamos acudir co alumnado de Cultura Clásica de 3º e de Latín de 4º e 1º de bacharelato, pero aínda non recibimos a invitación. Outras posibles actividades serían as seguintes:

- Visita á igrexa de Santiago para coñecer o Pedrón (alumnado de 3º e/ou 4º de ESO).
- Organización dun espectáculo teatral de tema mitolóxico para todo o alumnado do departamento. A realización desta actividade dependerá do orzamento que nos propoña a compañía que representa o espectáculo.
- Colaboración co Contrato-Programa IguálaTE (pendente de concesión).

DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA

Como actividades extraescolares propostas polo departamento de Educación Física e coordinadas pola Dirección do centro, contaremos con participación en actividades deportivas do Deporte Escolar, carreiras populares (Pontecesures, Padrón, Santiago, Bertamiráns,...), aínda por determinar:

Carreira de sensibilización cara a violencia machista. Carreira colaborativa do alumnado no Espolón de Padrón, a celebrar o 25 de novembro.

En 1º e 2º da ESO, levaremos a cabo unha **actividade no medio natural no ecoparque de Marín**, por determinar, dun día de duración (circuitos arbóreos, escape room, gran Prix, paintball)

No mes de Decembro levaremos a todo o alumnado **a pista de xeo de Area Central** (Santiago) para que disfruten dunha hora de patinaxe sobre xeo. Nesta actividade poderase realizar outra actividade de carácter cultural complementaria en colaboración co departamento de Galego (probablemente visita ao Museo do Pobo Galego)

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

As actividades programadas por este departamento figuran na proposta incluída nos dous Contrato-programa INCLÚE-TE E EMOCIÓNATE que propuxemos á Consellería para a súa aprobación. A súa realización, por tanto, dependerá tanto desta circunstancia como da situación sanitaria na que vivamos ao longo do presente curso.

DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN

Proxección de películas sobre temas relativos á asignatura.

- Unha vez vista a película realízase unha sesión de Cine-Forum na que os alumnos/as deben responder a unha serie de preguntas elaboradas pola profesora, e logo terá lugar un debate sobre o tema.

- Terase en conta a atención prestada á película, o respecto co que se trate o tema, o respecto ós compañeiros/as que opinen de distinto xeito ó noso, as quendas de palabra, etc.
- Realización de actividades complementarias a cada unidade didáctica, tanto de reforzo como de ampliación. Aquí inclúense: sopas de letras, encrucillados, preguntas de verdadeiro ou falso, completar mapas conceptuais sobre a unidade a tratar.

DEPARTAMENTO DE QUÍMICA

Para o presente curso o departamento ten prevista a participación do alumnado nas charlas temáticas **“A ponte entre o Ensino Medio e a USC”**, impartidas por profesores da universidade de Santiago de Compostela.

DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS

O alumnos poderán participar nas seguintes actividades:

- Visita a **“Exposición Convergencias. Arte e Ciencia: Escher”**, organizada por Igaciencia. (Destinado a alumnos de 4ºESO) 22 de outubro. 4º ESO.
- Canguro matemático organizado pola asociación **"Canguro Matemático Europeo"**. (Destinado a: alumnos de 1º, 2º, 3º e 4º ESO, 1º e 2º de BACH). No caso que se convoque.
- **Roteiro de xeometría por Padrón**. (Destinado alumnos de 1ºESO e 2ºESO)
- Colaboración co departamento de Xeografía e Hª no **Proxecto Terra**, medición dun monte (Destinado alumnos de 3º ESO)
- Outras actividades que xurdan ó longo do curso, organizadas no centro ou organizadas fora do centro como poden ser exposicións, charlas, feiras, obradoiros...

DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

- Asistencia á **representación de dúas obras de teatro** da compañía Recursos Educativos.
- **Intercambio de correspondencia ordinaria e/ou electrónica** con estudantes estranxeiros en francés, podendo ser francófonos ou non.
- Proxección de secuencias de películas dobradas ou en V.O. en DVD. e traballar diferentes aspectos relacionados co currículo,
- **Participación en concursos da APFGA** (Asociación de profesores de francés de Galicia)
- Actividades en colaboración con outros departamentos (este ano colaboraremos co departamento de Bioloxía co tema da alimentación).
- Actividades relacionadas co contrato **programa IGUALA-T**, proxecto coordinado por Cristina Estévez, Xefa do Departamento de Francés, en colaboración con Vicedirección.
- Pospóñense as actividades vencelladas ao cine como as **saídas á sala NUMAX** de Santiago de Compostela.

DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

Visitas didácticas

1º ESO

- Barbanza: castros de o Neixón, parque natural de Corrubedo, mirador da Curota, dolmen de Axeitos.
- Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego e a algunha exposición.

2º ESO

- Museo de Pontevedra e castro de Santa Tegra.
- Museo do Pobo Galego, catedral de Santiago, incluída visita ós tellados e visita á Cidade da Cultura

3º ESO

- Proxecto Terra: (pendente de asignación)
- Subida ao Meda.
- Porto de Vigo, Baiona, Santa Tegra, Valença e Caminha.
- Pontedeume, As Pontes de García Rodríguez e Betanzos.

4º ESO

- Santiago: Parlamento de Galicia, CGAC ou a outro museo ou exposición de interese.
- Porto de Vigo, Baiona, Santa Tegra, Valença e Caminha.
- Pontedeume, As Pontes de García Rodríguez e Betanzos.

1º BACHARELATO

- Porto de Vigo, Baiona, Santa Tegra, Valença e Caminha.
- Santiago: Parlamento de Galicia, CGAC ou a outro museo ou exposición de interese.

2º BACHARELATO

- Visita a Santiago: percorrido histórico-artístico polo casco histórico, visita á Catedral, a un museo ou exposición de interese.
- Visita ó Barbanza.

DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA

Debido a que durante este curso a materia Valores éticos será impartida polo profesorado de Xeografía e historia e de Lingua galega, o programa de actividades complementarias para os diferentes niveis quizais non poida levarse a cabo. Todo dependerá tanto do contexto sanitario

como da disposición do profesorado a asumir unha responsabilidade que en principio non lle corresponde.

ESO

1º trimestre

Paseo guiado pola vila histórica de Padrón

Actividade dirixida ao alumnado de Valores éticos de 3º e 4º ESO

Oficina de Turismo / Cultura do Concello de Padrón.

Obxectivos:

Coñecemento e posta en valor do patrimonio cultural padronés

Necesidade de contribuír ao seu coidado.

Realizar unha actividade segura no exterior que alivie a tensión escolar.

Encontro con persoal de limpeza do concello

Actividade dirixida ao alumnado de 1º ESO

Concello de Padrón. Departamento de Parques e xardíns.

Visibilización das persoas encargadas do coidado da limpeza das rúas.

Toma de conciencia da responsabilidade persoal para o mantemento do espazo da cidadanía.

Visita á Depuradora municipal de augas

Concello de Padrón. Departamento de Parques e xardíns.

Coñecemento do impacto das condutas de consumo e das súas consecuencias para a auga, a fauna e a flora e en particular para a nosa saúde.

Vídeo conferencia sobre Cambio Climático. Fundación Mátrix.

Alumnado de primeiro de bacharelato. 19 de outubro.

Proxecto DES-EQUILIBRISTAS

Primeiro trimestres (3 sesións de 2 horas)

Alumnado de segundo de bacharelato de Psicoloxía. USC + Concello de Padrón

Primeiro e segundo trimestre

Mellora do desenvolvemento físico e emocional.

Experiencia paralela cun grupo de voluntariado sénior que traballará sobre o cambio climático.

Na última fase do proxecto as dúas experiencias paralelas converxerán.

Encontro co Equipo Terapéutico do Centro Penitenciario de Monterroso (Lugo)

Alumnado de 2º de bacharelato de Psicoloxía

2º trimestre

Proxecto DES-EQUILIBRISTAS

Primeiro e Segundo trimestres (3 sesións de 2 horas no primeiro e no segundo trimestre)

Alumnado de segundo de bacharelato de Psicoloxía. USC + Concello de Padrón

Primeiro e segundo trimestre

Mellora do desenvolvemento físico e emocional.

Experiencia paralela cun grupo de voluntariado sénior que traballará sobre o cambio climático.

Na última fase do proxecto as dúas experiencias paralelas converxerán.

Paseos guiado polas brañas de Dodro (Concello de Dodro e Manuel Lorenzo Baleirón)

Alumnado por determinar.

Terceiro trimestre

Visitas ao xardín botánico

Actividade dirixida ao alumnado de Valores éticos de 2º ESO

Oficina de turismo / Cultura do Concello de Padrón

Obxectivos

Coñecemento do patrimonio botánico do xardín.

Toma de contacto con algunha persoa traballadora das instalación que poida amosar as sementeiras e informar das tarefas estacionais dos coidados das plantas e árbores do xardín.

Realizar unha actividade segura no exterior que alivie a tensión escolar.

Encontros arredor da psicoloxía na aula

Alumnado de Psicoloxía de 2º bacharelato.

Encontro presencial ou telemático con persoas relacionadas co ámbito da psicoloxía.

DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA

1ºESO:

Roteiro rosaliano (3º trimestre)

2ºESO:

Roteiro pola illa de Ons, con motivo da lectura do libro de título homónimo. (2º ou 3º trimestre)

3º ESO e 1º de BAC.:

Visita á Casa-Museo Rosalía de Castro (2º trimestre)

Visita á Casa dos Poetas en Celanova (3º trimestre)

4º ESO: Visita ao Pazo de Trasalba. (1º ou 2º trimestre)

2º de BAC. Roteiro da Esmorga e charlas A Ponte da USC.

Todos os niveis –por determinar-:

Asistencia ás representacións teatrais e cinematográficas, segundo a oferta-programación que nos vaia chegando.

ACTIVIDADES INTERNIVEL.

Encontros con escritores e escritoras, segundo sexan concertados para os distintos niveis ao longo do curso e en colaboración tanto co EDLG como coa Vicedirección do centro.

DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA ESPAÑOLA

Dadas as restricións en materia de mobilidade impostas pola especial situación sanitaria que estamos a vivir, moitas das actividades que se organizaban outros anos van ser imposibles de realizar, polo menos no caso de aquelas que requirirían o desprazamento en autobús fóra da vila para pernoctar.

Non obstante, intentaremos organizar visitas ás fundacións con sede en Padrón, como o Museo Camilo José Cela e a Casa Museo de Rosalía de Castro; ou visitar a Feira do libro e a biblioteca pública Ánxel Casal de Santiago de Compostela; ou asistir a espectáculos teatrais para escolares e/ou cinematográficos (Sala Numax en Santiago).

Asemade, colaboraremos con outros departamentos, como o de Lingua Galega, e coa Biblioteca escolar para invitar a algún autor ou autora a presentar os seus libros, ou para recitais poéticos, sesións de narración oral...

DEPARTAMENTO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA

PRIMEIRA AVALIACIÓN

- Conferencia a cargo do escritor Manuel Singala, “A lingua galega: unha oportunidade.
- Contos de medo, experiencia de intercambio co alumnado do CPI Flavia.
- Colaboración nas actividades dinamizadoras do 25-N.
- 24-F. Día de Rosalía. En colaboración coa Fundación Rosalía de Castro.

SEGUNDA AVALIACIÓN

- Día da muller científica (conferencia virtual e nomear aulas/ laboratorios con nomes de mulleres científicas, a ser posible galegas.
- Día dos Afectos: amor e amizade (mensaxes / cartas de amor ou amizade, que se realizará polo alumnado nas propias aulas e logo se recollerán para ser entregadas ao seu destinatario, respectando as medidas impostas e necesaria para a seguridade de todas/os)
- Colaboración coas actividades dinamizadoras do Entroido.

TERCEIRA AVALIACIÓN

- Coordinación das actividades dinamizadoras do Día das Letras.
- Música e cine en galego : a expresión dunha forma de cultura.